

FOLLETO MISA CON NENOS

4 de febreiro de 2024 Ordinario 5º-B

Evanxeo de Marcos 1, 29-39:

“Todo o mundo te busca”.

Mensaxe: Están amoreados á porta. Eu tamén te necesito, Xesús.



**Están agolpados a la puerta.
Yo también te necesito, Jesús.**



**Jesús se acercó, la cogió de la mano
y la levantó. Ella se puso a servirles.**

1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás:

Sede todos ben vindos á nosa celebración. No medio das nosas ocupacións facemos un alto para poñernos en procura de Xesús. Hoxe escoitamos de boca dos apóstolos que todo o mundo busca a Xesús. Búscalo porque sanda, cura, libera, ensina, ama, orienta. Nun mundo moitas veces confuso e complicado, Xesús brilla con luz propia para darnos vida, amor, ensino... Poñémonos en camiño, poñémonos en marcha cara ao médico divino que quere darnos as medicinas que nos sandan.

(Podemos colocar no presbiterio caixas grandes de medicinas con nomes como: amor, solidariedade, acompañamento...)

SAÚDO DO SACERDOTE: *No nome... O Señor que sanda os corazóns esnaquizados, sexa convosco...*

2. SÚPLICAS DE PERDÓN


Sacerdote: *Das nosas faltas de acollida, de agarimo, de colaboración e de entrega, pedimos perdón a Deus Pai:*

- **Catequista:** *Ti que es bo e compasivo: Señor, ten piedade de nós.*
- **Neno/a:** *Ti que nos mostras o teu amor sandando os corazóns esnaquizados: Cristo, ten piedade de nós.*
- **Pais:** *Ti que sostés os pobres e identificaste con eles: Señor, ten piedade de nós.*

Sacerdote: *Deus, noso Pai teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve á vida eterna.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O berro de Xob lamentándose pola situación de enfermidade e dor é semellante ao de tantos irmáns nosos que hoxe sofren a pobreza e necesidade. Paulo lémbra-nos o compromiso inescusable polo evanxeo de quen se atopou con Cristo. Xesús no evanxeo busca a todos os afectados polo mal para devolverlles a saúde, a alegría e a paz; esta é a actitude do cristián: desvivirse polos que o pasan mal, poñer nas vidas dos que nos rodean medicinas de proximidade e de agarimo.



LECTURAS

XOB 7, 1-4. 6-7: Fártome de dar voltas ata a alba.

Xob falou dicindo: «Non é seica milicia a vida do home sobre a terra, e os seus días como os dun xornaleiro?; como o escravo, suspira pola sombra; como o xornaleiro, agarda o seu salario. A miña herdanza foron meses baldíos, asignáronme noites de fatiga. Ao deitarme penso: Cando me levantarei? Fáiseme eterna a noite e fártome de dar voltas ata a alba. **Corren os meus días máis que a lanzadeira, vanse consumindo faltos de esperanza.** Lembra que a miña vida é un sopro, que os meus ollos non verán máis a dita»

Palabra do Señor.

SALMO 146: R/. Loade ao Señor, que sanda os corazóns esnaquizados.

I CORINTIOS 9, 16-19. 22-23: Ai de min se non anuncio o Evanxeo.

Irmáns: O feito de predicar non é para min motivo de orgullo. Non teño máis remedio e, **ai de min se non anuncio o Evanxeo!** Se eu o fixese polo meu propio gusto, iso mesmo sería a miña paga. Pero, se o fago a pesar meu, é que me encargaron este oficio. Entón, cal é a paga? Precisamente dar a coñecer o Evanxeo, anunciándoo de balde, sen usar o dereito que me dá a predicación do Evanxeo. Porque, sendo libre como son, fíxenme escravo de todos para gañar os máis posibles. **Fíxenme débil cos débiles,** para gañar os débiles; fíxenme todo para todos, para gañar, sexa como sexa, a algúns. E todo o fago por causa do Evanxeo, para participar eu tamén dos seus bens.

Palabra do Señor.

MARCOS 1, 29-39: Curo moitos enfermos de diversos males.

Narrador: Naquel tempo, ao saír Xesús da sinagoga, foi con Santiago e Xoán á casa de Simón e Andrés. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e inmediatamente faláronlle dela. El achegouse, colleuna da man e levantouna. Pasóuselle a febre e púxose a servilos. Á noitiña, cando se puxo o sol, leváronlle todos os enfermos e endemoñados. A poboación enteira apiñábase á porta. Curou moitos enfermos de diversos males e expulsou moitos demos; e como os demos coñecían, non lles permitía falar. Levantouse de madrugada, cando aínda estaba moi escuro, marchouse a un lugar solitario e alí púxose a orar. Simón e os seus compañeiros foron na súa busca e, ao atopalo, dixéronlle:

Simón: -«**Todo o mundo te busca**».

Narrador: El respóndelles:

Xesús: -«**Vamos a outra parte, ás aldeas próximas, para predicar tamén alí; que para iso saín**».

Narrador: Así percorreu toda Galilea, predicando nas súas sinagogas e expulsando os demos.

Palabra do Señor.

(Narrador-Simón-Xesús)

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: Presentemos ao Pai a nosa oración. El ámanos e dános o seu amor. Digámoslle:

-Necesítámoste, Xesús.

1. Pola Igrexa, para que nos ensine que Deus quérenos e esa é a mellor medicina para todos. **Oremos.**
2. Polos que seguimos a Xesús para que vivamos ao servizo dos pobres, enfermos e necesitados. **Oremos.**
3. Polos que sofren a traxedia da fame, que os gobernantes poñan solución e nós colaboremos coa nosa axuda. **Oremos.**
4. Polos enfermos para que lles sosteña a fortaleza de Deus e a compañía dos que están ao seu ao redor. **Oremos.**
5. Por nós, para que repartamos a mellor medicina que temos, a nosa amizade, o noso agarimo. **Oremos.**

Sacerdote: Señor, que curando e sandando, colaboremos contigo para facer un mundo mellor para todos. Por XCNS.

5. PROCESIÓN DE OFRENDAS



- GASAS, ALGODÓN Y MEDICINAS:

Con estas gasas, algodón e medicinas queremos simbolizar o sufrimento de tantas persoas pero, sobre todo, o desexo dos cristiáns de acougar e coidar as feridas das persoas.

- INCENSO ACESO:

Con este incenso aceso queremos simbolizar a ofrenda daqueles que sofren. Ofrecemos o pranto e a dor dos que non se atopan ben. Que chegue ata o ceo.

- MANS APLAUDINDO:

Con estes aplausos expresamos a nosa gratitude a aqueles que nos coidan e arriscan a súa vida para curarnos e expresamos o noso compromiso de deixarnos coidar e de coidar aos que nos rodean.

- PAN E VIÑO:

O pan e o viño da mesa da Eucaristía comprométennos a ser próximos, a vivir o amor cos necesitados, a poñer un pouco de luz e alegría onde hai tristeza ou dor.

(Poderíase facer un xesto cos nenos. Poñemos un cartel grande cun rótulo: "Quéreste poñer en marcha?". Nalgún momento, por ex. nas ofrendas, os mozos soben levando cadaquén un post-it que poña "SI", con diferentes cores. A súa ofrenda é un si a Deus. Informarase que neste domingo Xesús pon en acción, en movemento a todos. O Si dos mozos é aceptar o reto de Xesús a ese estilo, a esa forma de vivir e crer botando unha man ao que nos necesite. Tendo algúns post-it preparados, pódese convidar a calquera a poñer o seu Si no cartel).



6. PRESENTACIÓN DOS NENOS, RECENTEMENTE BAUTIZADOS, A XESÚS E Á VIRXE NO OFERTORIO (posibilidade)

- Esta semana celebramos a festa da **Candeloria ou Presentación de Xesús no templo**. Poderíamos convidar os bautizados na comunidade durante o ano 2023 e os pais ofrecen os nenos a Xesús e á Virxe.

Ver vídeo explicativo desta festa:

<https://youtu.be/watch?v=wIP0xNzIZpk>

- Os PAIS DIN:

Señor, Ti déchesnos estes fillos, confiáchesnos estas vidas que están a empezar.

Acolle o noso xesto: Presentámoschos dándoche grazas pola túa bondade.

Aquí os tes; confiámoschos, Gárdaos e protéxeos, pois es o seu Pai; dálles a vida e a forza do teu Espírito para que sexan sempre fieis aos camiños da vida eterna que nos ensinou o teu Fillo, Xesús. Amén.



- As NAIS DIRIXÍNDOSE Á VIRXE DIN:

María, Nai de Xesús, ofrecémosche os nosos fillos como fillos teus.

Ofrecémosche todo o que son e serán para que se namoren do ben e aborrezan o mal.

Nai, aquí os tes: son os teus fillos.

En Ti poñemos a nosa confianza.

Gárdaos como posesión túa. Amén.

7.- ORACIÓN DE GRAZAS

Necesítámoste, Xesús

Grazas Xesús por estar sempre atento ás nosas necesidades.

Grazas por esas persoas que non teñen horario, pois dedican a súa vida para facer o ben, creando saúde e redes fraternas.

Coida a aqueles que están enfermos e aos que como Xob corren o perigo de perder a esperanza ou a fe.

Coida a aqueles que nos coidan a nós contra o virus do mal.

Sanda, Señor, as nosas febres, as nosas feridas. E que despois da curación, poñámonos a servir aos demais, como a sogra de Pedro.

Sanda este mundo sufrinte pola guerra e o egoísmo.

Ti es a vacina contra a febre posesiva que non nos deixa vivir. Ti es a medicina que o mundo e todos nós precisamos atopar.

Necesítámoste, Xesús, pero sabemos que tes un corazón coas portas sempre abertas para abrazarnos e sandarnos.

Xesús, "o que salva", o médico divino, corre a vendar os nosos corazóns, énchenos do teu amor.

**FELIZ DOMINGO
DÍA DO SEÑOR**